

Recordando Carvalho Calero

Letras Galegas 2020





Recordando Carvalho Calero



XUNTA DE GALICIA

Consellería de Cultura e Turismo

Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

Secretaría Xeral de Política Lingüística

CEIP Xesús San Luís Romero, Carballo (A Coruña)

Depósito Legal: C 508-2020

Coordinadora:

Villar Hermida, María Aurora

Autoría:

Álvarez Veira, María Consuelo

Brandón Añón, Ana María

Castro Santos, María del Carmen

De León del Río, César

Facal Pérez, Sabina Isabel

García Amigo, Nuria del Socorro

García Arijón, María del Mar

García Darriba, Nazareth

Garda Ríos, Elena

López Losada, María Luisa

Mato Blanco, María José

Miranda Pazos, Yéssica

Nantón Blanco, José Manuel

Pacoret Balsa, María Josefa

Pereira Corral, María

Rey Cuba, Alicia

Rodríguez Grela, Verónica

Rodríguez Rama, Patricia

Veiga Facal, María

Villar Hermida, María Aurora

Coa participación do alumnado, do persoal non docente e da comunidade educativa do centro.

Contouse coa colaboración especial de Agostiño Lagoa Fraga.



ÍNDICE

• Introducción	4
• Biografía	5
• Biografía de Carvalho Calero en pictogramas.....	7
• Actividades para educación infantil.....	9
• Actividades para 1.º curso de educación primaria.....	11
• Actividades para 2.º curso de educación primaria.....	13
• Actividades para 3.º curso de educación primaria.....	16
• Actividades para 4.º curso de educación primaria.....	19
• Actividades para 5.º curso de educación primaria.....	22
• Actividades para 6.º curso de educación primaria.....	26
• Referencias bibliográficas	31
○ Bibliografía.....	31
○ Webgrafía.....	31
○ Fotografía.....	32



INTRODUCCIÓN

Nos tempos que corren, en que todo cambia tan axiña, debemos modificar tamén o concepto de educación e a maneira de ensinar, igual que fixo don Ricardo Carvalho Calero no seu colexio. O autor ao que este ano merecidamente se lle dedica o Día das Letras Galegas apostaba polos contidos de aplicación práctica na vida diaria e polo aproveitamento do contorno máis próximo. Nós, seguindo os seus pasos, empregamos elementos naturais na parte plástica dos carteis, en especial follas de carballo que fan referencia ao seu primeiro apelido.

Carvalho Calero tamén apostaba pola igualdade e o respecto, valores que non poden entenderse lonxe do achegamento da escola a todo o alumnado. Así, a exposición que elaboramos conta con imaxes interactivas realizadas coa ferramenta Genially que facilitan a comprensión da obra plástica que amosan. A súa ligazón inclúese nun dos códigos QR que aparecen en cada cartel. O outro permite escoitar o texto, gravado coa aplicación iFunFace.

Buscamos conseguir unha coherencia no conxunto da exposición, para seguirmos o ronsel de don Ricardo, unha persoa coherente que en cada paso que deu estivo sempre ao servizo de Galicia, da súa lingua e da súa cultura.

Plasmamos en cada cartel un edificio significativo das diferentes cidades nas que viviu. Son dez pequenas paradas ao longo dos seus case 80 anos, que nos permiten revivir momentos importantes da súa vida, momentos que, sen dúbida, condicionaron a súa obra. O texto está redactado en primeira persoa, como se don Ricardo nos estivese a falar de si mesmo.

O título da nosa exposición é **Recordando Carvalho Calero**, pois esta é un modesto camiño no que recordamos a súa traxectoria vital e a súa creación literaria. Con el tamén facemos referencia ás iniciais dun home tan comprometido co galeguismo e coa literatura do século XX. E eliximos Carvalho en vez de Carballo porque foi a opción que este autor de obra inmensa utilizou decididamente nos seus últimos anos.

Este traballo cooperativo contou coa colaboración activa do alumnado e do profesorado dos diferentes niveis e especialidades. Intentamos elaboralo co máximo rigor e agardamos que sexa de utilidade para outros centros educativos de Galicia.



BIOGRAFÍA

Ricardo Carvalho Calero naceu na rúa de San Francisco do Ferrol Vello o 30 de outubro de 1910, no seo dunha familia acomodada. Era o fillo máis vello de María Dolores Calero Beltrán e Gabriel Ricardo Carballo Naya. Súa nai faleceu cando el aínda non fixera os nove anos. Despois, seu pai casou outra vez, mais esta "segunda nai" finou tamén nova. Estes tráxicos sucesos deixan abatido o proxenitor e marcan tamén sen dúbida a personalidade do neno, que se converteu nun rapaz tristeiro, serio e moi maduro para a súa idade.

Aprendeu as primeiras letras coa nai nas páxinas do xornal local de Ferrol, *El Correo Gallego*. A primeira escola á que asistiu estaba na rúa Magdalena. Máis tarde, acudiu a un colexio privado, o Sagrado Corazón de Jesús, onde foi alumno de Manuel Comellas. Alí preparouse para se examinar do bacharelato por libre no instituto Eusebio da Guarda da Coruña.

En 1926, trasladouse a Santiago de Compostela para iniciar os estudos universitarios. Malia a súa preferencia pola lingua e a literatura, logo de realizar o curso común para as carreiras de Dereito e Filosofía e Letras, matriculouse na primeira por considerar que tiña mellores perspectivas profesionais. Aínda que non a estudou por vocación, foi un alumno brillante. Nesta época foi presidente da Asociación de Alumnos de Dereito e da Federación Universitaria Escolar (FUE).

En 1927, incorporouse ao Seminario de Estudos Galegos e así entrou en contacto coas grandes figuras da Xeración Nós. Colaborou en revistas como *A Nosa Terra*, *Papel de Color*, *Nós e Resol*. Ademais, publicou dous poemarios: *Trinitarias* (1928), en castelán, e *Vieros* (1931), o seu primeiro libro de poemas en galego.

En 1933, casou coa compañeira de estudos María Ignacia Ramos, coa que tería dúas fillas, Margarita (Magalí) e María Victoria, e empezou a traballar no Concello de Ferrol. En 1935, obtivo a licenciatura de Filosofía e Letras, que era a súa verdadeira vocación.

En 1936, marchou a Madrid para opoñer ao ensino secundario. Alí sorprendeuno a Guerra Civil. Polas súas ideas políticas, condenárono a doce anos e un día de cárcere. Tras dous anos de reclusión en Xaén, saíu en liberdade condicional, pero inhabilitado para exercer cargos públicos.

En 1941, regresou á cidade natal e, como lle retiraran a praza de funcionario municipal que gañara en 1933, tivo que dedicarse ao ensino privado para sobrevivir.



En 1950, a editorial Bibliófilos Gallegos premiou a súa obra *A xente da Barreira*, a primeira novela da posguerra publicada en galego, e trasladouse a Lugo para traballar no Colexio Fingoi. Alí estableceu amizade con Luís Pimentel, Ramón Cabanillas, Ánxel Fole ou Manuel María, entre outros.

En 1954, leu a súa tese de doutoramento en Madrid e, en 1958, ingresou na Real Academia Galega, curiosamente o 17 de maio.

En 1965, volveuse presentar ás oposicións para ser profesor de ensino secundario e aprobou coa máxima nota do seu tribunal. Iría vivir a Santiago o resto da súa vida e foi docente no instituto Rosalía de Castro e na Universidade.

En 1972, converteuse no primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega; a Universidade de Santiago de Compostela sería o seu lugar de traballo ata a súa xubilación, en 1980.

Nos setenta participou na redacción das primeiras normas ortográficas e morfolóxicas para o idioma galego. Porén, nos seus últimos anos, foise distanciando da normativa oficial en prol dunha unidade lingüística entre o galego e o portugués.


Carvalho Calero cultivou todos os xéneros literarios e deixounos unha inmensa obra. Ademais dos títulos citados anteriormente, podemos salientar os seguintes:

- Poesía: *O silenzo axionllado*, *Poemas pendurados de un cabelo*, *Salterio de Fingoy*, *Pretérito imperfecto*, *Futuro condicional*.
- Narrativa: *Narrativa completa*, que, ademais de *A xente da Barreira*, inclúe *Os señores da Pena*, *O lar de Clara*, *As pitas baixo a chuvia*, *Os tumbos*, *A cegoña* e *Aos amores serodios*. Posteriormente, viu a luz a novela *Scórpio* en 1987.
- Teatro: *Catro pezas*, que compila *A sombra de Orfeo*, *Farsa das zocas*, *A arbre* e *Auto do prisioneiro*, e a antoloxía *Teatro completo*.
- Ensaio e obra didáctica: *Sete poetas galegos: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez, Antonio Noriega Varela, Ramón Cabanillas, Luis Amado Carballo, Manuel Antonio*; *Historia da literatura galega contemporánea*, e *Gramática elemental del gallego común*.

Nos últimos anos de vida, foi nomeado membro da Academia de Ciéncias de Lisboa, e membro de honra da Asociación de Escritores en Lingua Galega e da Associação Galega da Língua; tamén recibiu a Medalla Castelao. En 2020, coincidindo cos 110 anos do seu nacemento e cos 30 do seu falecemento, dedícaselle o Día das Letras Galegas, homenaxe que ten ben merecida por toda unha vida de compromiso coa nosa lingua e a nosa cultura.



BIOGRAFÍA DE CARVALHO CALERO EN PICTOGRAMAS




RICARDO NACEU EN FERROL O 30 DE OUTUBRO DE 1910.



APRENDEU A LER NO XORNAL EL CORREO GALLEGO COA SÚA NAI.



ESTUDOU DEREITO E FILOSOFÍA E LETRAS EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.




ESTIVO NO CÁRCERE EN XAÉN.




TRABALLOU NO COLEXIO FINGOI EN LUGO.



EN 1958 INGRESOU NA REAL ACADEMIA GALEGA.




FOI PROFESOR NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.



FOI O PRIMEIRO CATEDRÁTICO DE LINGUA E LITERATURA GALEGAS.



XUBILOUSE EN 1980.



ERA UN ALUMNO E UN PROFESOR EXTRAORDINARIO.



ESCRIBIU MOITOS LIBROS DE POESÍA, NOVELA E TEATRO.



ESCRIBIU A XENTE DA BARREIRA, PRIMEIRA NOVELA EN GALEGO DA POSGUERRA.




EN 1987, GAÑOU UN PREMIO COA NOVELA SCÓRPIO.



TRABALLOU SEMPRE POLA LINGUA GALEGA.



A SÚA BIBLIOTECA ESTÁ NO PARLAMENTO DE GALICIA.



FINOU O 25 DE MARZO DE 1990, CON 79 ANOS.




EDUCACIÓN INFANTIL

🔪 DON RICARDO ESCRIBIU O CONTO AS PITAS BAIXO A CHOIVA.

IMOS XOGAR CO SEU TÍTULO.

- RODEADE O ANIMAL QUE APARECE NO TÍTULO.



- CREADE TÍTULOS NOVOS CAMBIANDO "AS PITAS" POR OUTRO ANIMAL. LOGO, REPETIDE A ACTIVIDADE PERO MUDANDO "BAIXO A CHOIVA" POR OUTRA FRASE QUE CONTEÑA VENTO, SOL, FRÍO, NUBES, NÉBOA, NEVE... E DESPOIS, CONTADE UNHA PEQUENA HISTORIA CON CADA TÍTULO.

🔪 NO VOSO COLEXIO OU NA VOSA CASA SEGURO QUE TEDES PEZAS DE LEGO. INTENTADE FACER AS INICIAIS DE RICARDO CARVALHO CALERO CON ELAS.




🔪 OLLADE O CARTEL 2 E POÑEDE A PROBA O VOSO ENXEÑO MATEMÁTICO:

- CANTAS POZAS HAI?
- CANTAS PINGAS GRANDES APARECEN?
- CANTAS ÁRBORES VEDES?





- NO CARTEL 5 APARECE REPRESENTADO O COLEXIO FINGOI DE LUGO ONDE DON RICARDO FOI PROFESOR. RECORTADE O SEGUINTE QUEBRACABEZAS E CONSTRUÍDEO.



AGORA DEBUXADE O VOSO COLEXIO.

- BUSCADE NA REDE UNHA FOTO DE CARVALHO CALERO. FACEDE UNHA COMPOSICIÓN CO SEU CORPO E A VOSA CARA. PARECEREDES PERSOAS DO SÉCULO PASADO! EMPREGÁDEAS PARA REALIZAR UNHA EXPOSICIÓN EN LEMBRANZA DO AUTOR. NO NOSO COLEXIO ÍMOLA TITULAR "RICAR D'ARTE".
- UNIDE CADA PALABRA COA LETRA COA QUE COMEZA. PROPOÑÉMVOS QUE EMPREGUEDES UN OZOBOT PARA FACER MÁIS DIVERTIDA A ACTIVIDADE.

R

I

S

M

IGNACIA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

MADRID

RICARDO



1.º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

☞ Ricardo Carvalho Calero tiña tan boa relación cos animais que ata lles poñía nomes ás galiñas. No conto autobiográfico *As pitas baixo a choiva* afirmaba que cada ave tiña un nome posto por el e que non podía aturar velas mollándose.

Dicide na aula se tedes algunha mascota e como lle chamades.


Se non lle tedes nome, ide pensando algún en galego para poñerlle.



☞ Dos seguintes obxectos, rodeade cales pensades que tería Ricardo Carvalho Calero.



☞ Pasapalabra con Carvalho Calero: revisade os carteis e responde de as seguintes preguntas sobre o autor homenaxeado.




- Co **A**: un dos nomes de Carvalho Calero.
- Co **E**: profesión de don Ricardo, que aparece no cartel 3.
- Co **I**: nome da muller de Calero.
- Co **O**: alimento que producen as pitas.
- Co **U**: lugar onde foi profesor en Santiago de Compostela.

☞ Don Ricardo era un grande orador. Para imitalo, realizade unha exposición oral. Consultade a presentación en Power Point que aparece no Symbaloo e, en grupos, explicádelles aos vosos compañeiros e compañeiras algo sobre a súa vida e obra. Intentade facelo nun tempo máximo de cinco minutos.




👉 Ides facer escritura creativa con dados contadores de historias.


PERSONAXES



LUGARES



OBXECTOS



👉 Mirade o cartel 9 e completade os títulos das seguintes obras de Carvalho Calero.

- *As pitas baixo a* _____
- *A xente da* _____
- *Catro* _____
- *Teatro* _____

👉 No cartel 5, aparece o Colexio Fingoí no que don Ricardo foi profesor. Nel reflíctese como eran as súas clases. Unha actividade á que lle concedía especial importancia era a da plantación dunha horta.

Localizade na imaxe os cultivos que aparecen no porral e escribide o seu nome.

A imitación de Carvalho Calero, intentade vós na vosa escola cultivar unha horta coma a del.



👉 Seguramente que no colexio tedes un *kamishibai*. Realizade as láminas do conto *As pitas baixo a choiva*. Se precisades axuda, facédeo en colaboración cos rapaces e rapazas máis grandes. Logo, contade o relato.



2.º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- Fixádevos no cartel 1. A Ricardo Carvalho Calero puxéronlle ao nacer, ademais de Ricardo, outros catro nomes. Buscádeos na seguinte sopa de letras.



A	D	T	M	B	I	O	G	R	A	F	O	G	L	A
R	I	L	E	I	G	E	R	A	R	D	O	S	A	I
T	V	T	A	B	C	I	I	E	N	D	T	S	R	O
I	U	V	N	L	O	G	C	I	D	X	H	T	A	D
C	L	C	F	I	L	C	A	N	G	E	L	E	N	C
U	G	P	H	O	A	N	R	V	T	O	C	T	T	S
X	L	E	O	P	O	L	D	O	D	G	S	N	R	G
I	D	C	V	E	O	J	O	S	E	R	C	O	O	A
S	O	R	S	C	R	U	O	T	I	A	N	G	P	P
T	R	D	E	A	A	C	R	I	D	F	C	R	O	H

- No cartel 3, figura a relación que o autor homenaxeado tivo cos escritores Vicente Risco, Castelao e Ramón Otero Pedrayo, tres membros da Xeración Nós. Escribide o nome de cada un a carón da súa foto.









- ☞ Fixádevos con atención no cartel 8. Nel aparecen dúas editoriais coas que Carvalho Calero colaborou. Dicide cales son.
- ☞ Algunhas rúas, pavillóns ou piscinas municipais de Galicia recibiron o nome do autor homenaxeado. Intentade investigar se no voso concello ou noutros próximos existe algún exemplo.
- ☞ A Ricardo Carvalho Calero gustáballe moito escribir poemas. Este é un fragmento dun que lle dedicou ao seu amigo e compañeiro de estudos Álvaro Cunqueiro.

“O primeiro aeroplano
ensaíaba o seu voo, ti ja o dixeches,
namentres nós nacíamos.
E o cometa Halley brillaba no ceu.”


Escribide vós tamén un poema dedicado a un amigo ou a unha amiga.

- ☞ Mirade o cartel 4. Facede unha breve descrición do que vedes.



- Que vos transmite?
- Como vos fai sentir?
- A mososa unha etapa alegre ou triste da vida de don Ricardo?
- Que música lle poñeríades?
- Que teríades que facer para enviardes unha carta?

- ☞ O escritor e pintor Luís Seoane era outro dos amigos de Ricardo Carvalho Calero. Coloreade a caricatura que lle fixo. Intentade utilizar diferentes cores e despois con todas elas podedes facer unha exposición ao estilo de Arnold Warhol, representante do *pop art*.





🔪 Buscando o intruso: rodeade nestas imaxes o elemento que non aparece nos dez carteis orixinais.





3.º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Os seguintes versos están extraídos dun poema de don Ricardo. Completádeos coas palabras que faltan e que son as contrarias ás que están destacadas.

“Onde está o **home**?

Onde está a _____?

Onde está o **mal**?

Onde está o _____?

Onde está o **novo**?

Onde está o _____?

Onde está a **dereita**?

Onde está a _____?

Onde está a **verdade**?

Onde está a _____?

Onde está a **paz**?

Onde está a _____?

Onde está o **negro**?


Onde está o _____? “

Nesta fotografía vemos a Carvalho Calero acompañado de Álvaro Cunqueiro e doutro amigo co que intercambiou cartas e que aparece citado no cartel 3. Saberíades dicir de quen se trata?



Ricardo Carvalho Calero pronunciou a súa primeira conferencia cando era un mozo de 18 anos. Fixádevos ben nesta imaxe, que aparece no cartel 2, e responde de as seguintes preguntas:


- Como se titulaba esta conferencia?
- En que data a pronunciou?
- Onde a pronunciou?
- En que editorial foi publicada?
- En que universidade estudaba daquela?
- Que carreira estaba estudando naquel momento?



Podedes consultar a seguinte ligazón: https://gl.wikipedia.org/wiki/Ricardo_Carballo_Calero.



- ☛ Don Ricardo ingresou na Real Academia Galega en 1958. No cartel 6 aparece un acróstico coas iniciais desta institución. Facede un novo cambiando as tres palabras por adxectivos relacionados coa maneira de ser e de pensar de Carvalho Calero.



R _____

A _____

G _____

- ☛ Fixádevos ben no cartel 9 e dicide a que xénero literario pertencen as seguintes obras de Ricardo Carvalho Calero:

- *Catro pezas*: _____
- *Vieiros*: _____
- *A xente da Barreira*: _____
- *Teatro completo*: _____
- *Scórpio*: _____



- ☛ Ao longo da súa vida, Carvalho Calero estivo en diferentes lugares. Situada cada un deles no mapa e indicade a que provincia pertencen.

- Ferrol
- Santiago de Compostela
- Lugo



- ☛ Nos apelidos de don Ricardo está agochado o nome dunha árbore.
- Seredes capaces de adiviñar cal é?
 - É unha árbore de folla caduca ou perenne?
 - Que froito dá?
 - Escribide o nome doutras árbores autóctonas de Galicia.



🔪 Xogo de enigmas. Buscade na exposición o cartel ao que pertencen os seguintes anacos:























🔪 Ricardo Carvalho Calero publicou novelas moi importantes, contos e obras de teatro, pero considerábase sobre todo poeta. Escribiu poesía ao longo de toda a súa vida. Facede recitais dalgúns dos seus poemas. Podedes gravarvos coa tableta mentres os recitades e publicar os vídeos no web da vosa escola e en Internet.





4.º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- Revisade na biografía os títulos das principais obras de Ricardo Carvalho Calero e adiviñade o seu signo do zodíaco.
- Neste rebumbio de letras poderedes atopar ata 30 adxectivos para cualificar o autor ferrolán.

R	I	G	O	R	O	S	O	R	A	F	O	E	L	B	C	R	I	T	I	C	O	P	T
E	I	L	E	E	F	S	O	R	A	E	N	Q	A	R	S	T	A	O	T	E	G	O	O
T	V	T	A	F	C	I	P	E	N	D	T	U	R	I	N	C	A	N	S	A	B	L	E
R	U	R	N	L	O	G	R	I	D	X	H	I	A	L	R	E	P	I	D	V	E	I	R
A	L	A	F	E	S	I	X	E	N	T	E	L	N	L	I	A	N	T	E	R	H	G	U
N	G	B	H	X	A	N	E	N	P	O	L	I	F	A	C	E	T	I	C	O	O	R	D
Q	A	A	Z	I	B	H	N	T	D	L	S	B	R	N	O	S	T	N	O	P	N	A	I
U	I	L	V	V	O	A	E	R	F	E	C	R	O	T	R	T	X	T	D	C	E	F	T
E	N	L	S	O	R	U	R	E	I	R	N	A	P	E	R	U	S	R	D	A	S	O	O
I	T	A	E	A	A	C	O	G	D	A	C	D	I	H	S	D	L	O	O	L	T	O	I
R	E	D	O	R	D	V	S	A	T	N	U	O	O	G	D	O	R	V	C	A	O	R	P
O	G	O	C	U	L	T	O	D	N	T	D	F	N	P	A	S	E	E	N	D	X	T	O
H	R	R	T	O	R	I	A	O	O	E	D	O	E	I	B	O	T	R	S	O	C	A	T
T	O	L	V	C	O	M	P	R	O	M	E	T	I	D	O	A	L	T	S	T	A	R	A
E	S	T	A	B	L	E	O	R	Z	S	E	C	R	E	H	U	M	I	L	D	E	P	E
Z	E	Q	D	E	C	I	D	I	D	O	N	V	O	R	T	M	O	D	E	S	T	O	X
A	M	C	O	H	E	R	E	N	T	E	T	C	H	I	M	A	F	O	U	T	A	D	O

- A Ricardo Carvalho Calero gustábanlle moito os animais. No seu libro titulado *As pitas baixo a choiva* aparece unha descrición detallada dos galos. Despois de a lerdes, anotade todos os adxectivos que aparecen.

Facede unha descrición do voso animal preferido.



Non. Digades o que queirades, os galos non son agora tan fremosos como nos tempos da miña nenez. Os galos que hoxe vexo son brancos, grises; as cristas pequeneiras e moradas, as colas como de galiña, curtas, raquenadas. Cando eu era un cativo, outros galos nos cantaban. Eran unas aves ergueitas, lanzás, maxestosas. Cristas bermellas que pandiaban co pesadume, feros peteiros, ollos acesos, colo tornasolado de lene e fonxe prumaxe, podentes azas, esporas douradas; e a cola un chafarís de lumes e de sombras, con aquelas longas prumas, corvas como caxatos, como bágoos de pegureiros, de bispos orientás.



Buscade no dicionario o significado dalgunha das profesións de Ricardo Carvalho Calero que se recollen no cartel 3. Podedes usar o da Real Academia Galega, que aparece na seguinte ligazón: <https://academia.gal/dicionario>.


- Dramaturgo: _____
- Académico: _____
- Filólogo: _____
- Catedrático: _____

Hai varios carteis da exposición que teñen como escenario lugares de Santiago de Compostela relacionados co autor. Localizádeos e planificade unha saída con paradas en cada un deles. Pode ser real ou virtual (con Google Maps ou Google Earth). Non esquezades que don Ricardo tiña por costume deterse diante da estatua de Rosalía de Castro que hai na Alameda.

No cartel 8 aparece o edificio da editorial Galaxia, á que Ricardo Carvalho Calero se vincula desde a súa creación en 1950. Nela publicouse o *Epistolario a Fernández del Riego*, unha antoloxía das cartas que intercambiaron cando don Ricardo estaba no cárcere en Xaén, como se plasma no cartel 4. Case todas comezan por "Meu querido amigo". Pensade no voso mellor amigo ou amiga e escribídelle unha carta.

No cartel 2 hai unha árbore realizada con anacos do carné do Seminario de Estudos Galegos de Ricardo Carvalho Calero. Localizádea e responde de as preguntas.

- Que era o Seminario de Estudos Galegos e para que foi creado?
- En que data admitiron a Carvalho Calero como socio?
- Sabedes que significa "Sant-Iago"? Pasádeo ao galego actual e intentade descubrir por que se escribía así naquela época.






- Don Ricardo, de rapaz, era afeccionado ao teatro e acudía a miúdo ao Teatro Jofre en Ferrol. Máis tarde, como docente no Colexio Fingoi, tivo moi presente a importancia didáctica desta actividade e creou pezas para as súas veladas teatrais. No cartel 9 aparecen varias obras del. Escollede un fragmento dunha delas e facede unha representación.
- En 1987, don Ricardo publicou *Scórpio*, unha novela con moitos elementos autobiográficos que é tamén a historia da súa xeración, da súa infancia, da súa etapa universitaria e da Guerra Civil. Descubride a que época fai referencia este fragmento:


“Estamos matriculados no primeiro curso de Filosofía e Letras, que é ao mesmo tempo preparatorio de Dereito. Temos todo o ano académico para pensarmos se em definitiva haremos seguir a carreira de Filosofía e Letras, que é a que nos atrai, na nosa condición de literatos, ou a de Dereito, que tem mais porvir (económico).”


- Para lerdes a inmensa obra de Carvalho Calero ides precisar un marcador. Deixade voar a vosa imaxinación e elaborade un diferente ao que fixemos no noso colexio.

LETRAS GALEGAS
2020



**RICARDO CARVALHO
CALERO**
(1910-1990)
*Escritor, profesor,
e investigador*



 Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

**CEIP Xesús San Luís
Romero (Carballo)**





☞ Carvalho Calero foi unha persoa moi comprometida co galego. Foi membro do Seminario de Estudos Galegos e da Real Academia Galega, colaborou na revista *Nós* e na redacción do Estatuto de Autonomía. Pescudade información na rede e realízade unha liña do tempo para situar cada un destes feitos.

☞ No cartel 1, aparece a casa de don Ricardo, situada na rúa San Francisco do Ferrol Vello. Planificade unha ruta con Google Maps ou Google Earth desde o voso colexio ata ela.



☞ FACENDO MEMORIA: Ricardo Carvalho Calero foi un dos asinantes do *Manifesto de Esquerda Galeguista* do 14 de xuño de 1931. Xunto a el asinaron Ánxel Casal, Lois Tobío, González García-Paz e o homenaxeado en 2019, entre outros. Sabedes de quen estamos a falar? Levade o Escornabot desde o homenaxeado deste ano ata o persoeiro que descubristes.



☞ Na última etapa da súa vida, Ricardo Carvalho Calero mudou a grafía do seu apelido, cando empezou a defender para o galego unha ortografía próxima á da lingua portuguesa. Saberiades buscar en que cartel aparece esa idea? Que símbolos atopades nel?




Buscade e aprendede algunha palabra en portugués. Como se escribe "folia", "camiño", "xente", "xa" nesta lingua? Coa axuda do voso mestre ou da vosa mestra, atopade algún vídeo na rede dunha persoa que fale portugués. Resultouvos doado de comprender?

Premede nas seguintes imaxes e atoparedes varias actividades interactivas creadas coa aplicación Genially. Atrévdevos a comprobar canto sabedes de Carvalho Calero.



Accedede ao Symbaloo e visitade a exposición mentres escoitades os textos dos dez carteis. Os audios están gravados coa aplicación iFunFace.



Ricardo Carvalho Calero era unha persoa moi estable no plano emocional. Chegou a ser menosprezado e calumniado pero nunca devolveu as ofensas recibidas máis que con humor e fina ironía, nunca pagou coa mesma moeda. É tamén neste aspecto un bo modelo para nós. Como reaccionades vós cando vos ofenden? Cal pensades que é a maneira máis correcta de reaccionar?

Facede un telexornal para presentardes a don Ricardo. Antes de gravar, tentade buscar unha persoa do voso contorno que saiba lingua de signos para que sente onda vós signando o que dicides e así facer máis accesible a información. Se queredes, podedes gravalo coa técnica do Croma.



➤ Ricardo Carvalho Calero escribiu desde ben neno, sobre todo poemas (algúns publicounos con 13 ou 14 anos na revista *Maruxa* e en *El Correo Gallego*). Para el a poesía era un instrumento necesario para expresar as súas inquedanzas, dúbidas, alegrías e pensamentos. Dicía que "O poeta remata o seu labor específico parindo a súa obra, dando a luz a súa obra". Escribide vós tamén un poema. Máis tarde, podedes facer un recital de poesía con todos os poemas que escribistes para que todo o alumnado poida gozar das vosas creacións literarias.

➤ No libro *Catro pezas*, Carvalho Calero compilou catro obras teatrais que aparecen na biografía. Lede con atención o seguinte fragmento dunha delas e seguro que adiviñaredes a cal pertence. De que obra se trata? _____



BREIXO: Vai a modo, muller, que as zocas fanche bruido, e ao mellor o tío Delfino acorda.

DIVINA: É que a túa muller ten máis pe do ca min e as zocas tregoléanme.

BREIXO: Eiquí está a colmea. De presa.

DIVINA: Déixame facer, que non é a primeira que ten que ver connigo. E máis mel como éste, segundo din non o hai en moitas légoas á redonda. Ti está de olláparo, por se alguén se persoa.

BREIXO: Nada se escoita. Mais anda atenda e remata, que non vaia sair a lúa.

- Realizade unha descrición da ilustración que acompaña o texto que está máis arriba.
- Buscade na biblioteca o libro de onde está sacado o fragmento da actividade anterior. Distribuídevos en catro grupos. Repartide unha escena para cada un e lédea en voz alta. Logo, explicádelles aos demais grupos o que acontece nela.
- Escollede un fragmento desta obra que vos guste e realizade unha representación teatral para todo o colexio.



6.º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

🔪 Ricardo Carvalho Calero foi un traballador infatigable e unha persoa polifacética que desenvolveu distintas actividades profesionais ao longo da súa vida. Neste rebumbio de letras podedes atopar ata 25.

A	R	T	I	C	U	L	I	S	T	A	O	G	L	X	U	R	I	S	T	A	D	A	C
X	D	L	N	O	V	E	L	I	S	T	A	S	H	I	S	T	O	R	I	E	O	C	O
R	I	T	A	N	C	I	P	H	I	S	T	O	R	I	A	D	O	R	N	F	C	T	L
E	V	V	N	F	I	L	O	L	O	G	O	T	A	D	R	E	P	I	A	V	E	O	A
D	U	C	F	E	L	C	F	U	N	C	I	O	N	A	R	I	O	T	U	R	N	L	B
A	L	P	P	R	O	F	E	S	O	R	R	T	M	D	E	B	I	X	T	E	T	I	O
C	G	S	Z	E	B	H	E	E	D	P	S	N	R	I	O	A	T	C	O	P	E	N	R
T	A	C	I	N	V	E	S	T	I	G	A	D	O	R	R	D	X	O	R	I	F	G	A
O	D	R	S	C	R	U	O	T	I	A	C	A	T	E	D	R	A	T	I	C	O	Ü	D
R	O	P	D	I	T	L	R	I	D	F	C	R	A	C	A	D	E	M	I	C	O	I	O
A	R	F	O	A	D	V	E	G	T	O	U	A	L	T	D	I	D	E	C	T	R	S	R
F	T	A	P	N	A	R	R	A	D	O	R	F	O	O	A	C	I	I	N	S	A	T	O
H	P	O	E	T	A	I	A	D	O	R	D	O	G	R	N	O	T	D	S	V	D	A	T
T	O	P	M	E	N	S	A	I	S	T	A	X	O	M	N	A	O	I	S	T	O	R	A
A	R	D	R	A	M	A	T	U	R	G	O	C	R	S	E	C	R	E	T	A	R	I	O

🔪 Ricardo Carvalho Calero participou na elaboración dun dos anteproxectos do primeiro Estatuto de Autonomía. Este é o seu artigo primeiro: "A Galiza é un Estado libre dentro da República Federal Española". Despois de revisardes a biografía de Carvalho Calero, contestade as seguintes preguntas:

- Que carreiras universitarias estudou?
- Cal delas lle permitiría ter facilidade para redactar o anteproxecto do Estatuto de Autonomía de Galicia?

Buscade en Internet o Estatuto de Autonomía actual e o de 1936 e comparádeos.

Logo, facede un debate na aula sobre este tema.




Podedes acceder a eles a través das seguintes ligazóns:


https://gl.wikipedia.org/wiki/Estatuto_de_autonomía_de_Galicia_de_1936

<https://www.xunta.gal/estatuto/titulo-preliminar>

- Ricardo Carvalho Calero non sempre asinou os seus escritos co seu nome. Nunha época da súa vida tivo que utilizar pseudónimos; un deles foi Fernando Cadaval. Cando aconteceu isto e por que pensades que asinaba con outros nomes?
- Reparade no cartel 9. Levade o robot á cela correspondente segundo a pregunta formulada: Que libro é de poesía? Cal de teatro? Cal de narrativa? Cal ten o nome dun animal no seu título?

- No cartel 1 aparece un poema titulado "Ferrol, 1916" que se atopa no libro *Futuro condicional*. O voso mestre ou mestra daravos unhas tarxetas cos versos desordenados. Utilizade o mBot para poñelos en orde. Lembraide darlle todas as consignas precisas.





- Construíde unha cidade en 3D cos diferentes edificios que figuran nos carteis e poñédelles códigos QR con información relativa ao autor. Logo convidade as familias para que a visiten e así axudaredes a difundir a vida e a obra deste autor tan comprometido co galeguismo. Lembraide empregar materiais de refugallo; nós imos usar cartóns de leite.



Podedes colocar a cidade en 3D nos corredores do colexio. Ide facendo paradas en cada un dos edificios que conteñen os carteis e lede os textos que aparecen.

- O silencio axionllado* é un dos libros de poemas de Carvalho Calero. Colocade os seguintes versos formando unha estrofa e rodeade as rimas.

“Amendoíña, Amendoíña, que naciches de unha tulipa, durme n-unha casca de noz, follas de viola por colchón.
Amendoíña, Amendoíña, voa no lombo da anduriña.”

- Don Ricardo era unha persoa moi comprometida coa lingua e un excelente escritor. Propoñémosvos crear no voso colexio un recuncho de escritura creativa. Deixámosvos a primeira actividade para poñelo en marcha.

Elaborade, cos seguintes círculos, unha ruleta. Cravádelle un encadernador no centro e terédela lista para facer rimas. A xogar!





- ☞ Moitos poemas de Carvalho Calero falan do amor, a amizade, a vida... Cal destes vos gusta máis? Por que?

<p>Deu-me a sua man, e o mesmo que no cume da semana, felices, polos agros, tempo de flor, calcamos margaridas, asi, con leve pranta sen raigaña, todos de amor, sen mágoa nen saudade, fomos de estrela en sol por azul senda.</p>	<p>—Ven ti acá; ven ti acá—, asubia dendes da ponla do castiro o melro, mouro doutor, na sua alta cadeira a randear, cinguido en fraque, o corpo.</p> <p>Lareto manjador de creixas, di: ¿Por qué me desacougas co teu chifro? ¿Cál é a leición que queres que eu aprenda? Ir eu aló: choutar de ponla en ponla, facer un niño cada primavera...</p>
---	--

- ☞ Don Ricardo escribiu moitos poemas autobiográficos. Adiviñade o lugar e a época da súa vida a que fan referencia estes versos.

<p>Cruzando a ria pola ponte das Pias, se os obreiros de Astano nom cortaron o tráfico, entrarei em Ferrol, a minha terra.</p> <p>De um jeito ou outro, hei de entrar no meu povo, para ver se tropeço numha rua qualquer do Ferrol Velho —será a de Sam Francisco, a do Socorro— com o neno que fum e que foi outro.</p> <p>—Cinco duros pagábamos de aluguer. Era un terceiro andar, ben folgado. Pola parte de atrás daba ao Campiño, E por diante à rua de San Francisco.</p>	<p>No tanque, as brancas aves que tanto amou Rubén Darío, douses feitos con giz, escreben na auga clara: 2222.</p> <p>Todo o lume do sol non pode derreter a plumage de neve.</p> <p>Cheias de doces chios, as árbores son as gaiolas voluntárias da paxariada ceibe.</p> <p>La baixo vai o Miño, Presidente da Unión de Rios da Terra.</p>
---	---



- Lede os textos de Carvalho Calero que aparecen na páxina anterior. Están escritos coa ortografía reintegracionista que el defendeu nos anos oitenta. Marcade cun círculo as letras que son diferentes.
- Carvalho Calero en 1933 casou coa compañeira de estudos María Ignacia Ramos. A súa dona, que foi profesora de historia e tamén escritora, exerceu unha grande influencia en Carvalho, pois as súas novelas reflicten a miúdo a historia de Galicia. Saberiades dicir a que obra pertencen os seguintes fragmentos?

“Fame, o que se di fame, ninguén a pasaba, inda que en dúas ou tres casas tiveran que se contentar con pan balorento e cachelos sen compango”.

“Ao redor da lareira, na casa dos señores, falábase moito decote das cousas da parroquia, das novas que traguían os xornás, de herdanzas, de fenómenos, de agoiros, do diaño e da colleita”.

Facede un debate na aula. Comparede a forma de vida naquela época e na actual.

- Seguro que xa sabedes de que libro están sacados os fragmentos anteriores. Trátase dunha obra que mostra como era a vida dunha familia fidalga dunha aldea de Lugo e como se foi arruinando no século XIX, coa aparición de clases sociais novas. Se precisades unha pista, foi a primeira novela publicada en galego na posguerra. Tendo en conta estes datos, respondede as seguintes preguntas:
 - De que obra se trata?
 - En que ano se publicou?
 - Que premio recibiu?

- Localizade a don Ricardo e a súa dona, María Ignacia, nesta fotografía onde están con outros compañeiros do Centro de Enseñanza General de Ferrol.





REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

BIBLIOGRAFÍA

Blanco, C. (1989). *Conversas con Carballo Calero*. Vigo: Editorial Galaxia

Blanco, C. (1991). *Carballo Calero: política e cultura*. A Coruña: Edicións do Castro

Cajaraville, H. (2020). *Ricardo Carvalho Calero. A pegada do compromiso*. Vigo: Xerais

Carballo Calero, R. (1971). *Catro pezas*. Vigo: Editorial Galaxia

Carballo Calero, R. (1984). *Narrativa completa*. A Coruña: Edicións do Castro

Carvalho Calero, R. (1992). *Umha voz na Galiza*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco

Carvalho Calero, R. (1997). *Scórpio*. Vigo: A Nosa Terra

Carvalho Calero, R. e Toval, A. (2008). *As pitas baixo a choiva*. Ferrol: Embora

Dacosta, H. (2020). *Carvalho Calero. Vida e obra dun ser polifacético*. Vigo: Xerais

Fernández Mirás, P. (2019). *Antoloxía da poesía em galego*. Santiago de Compostela:
Através

Fernán-Vello, M. A. e Pillado Mayor, F. (1986). *Conversas en Compostela con Carballo Calero*. Barcelona: Sotelo Blanco

Salinas Portugal, F. (1991). *Voz e silencio (Entrevista con Ricardo Carvalho Calero)*. Pontevedra: Edicións do Cumio

WEBGRAFÍA

- Blog Recordando Carvalho Calero. Aloxa un Symbaloo con diversos recursos:
<https://recordandocarvalhocalero.blogspot.com/2020/04/symbaloo-de-recursos.html>
- Galipedia: https://gl.wikipedia.org/wiki/Ricardo_Carballo_Calero



- Portal Aragonés de Comunicación Aumentativa e Alternativa: <http://www.arasaac.org/>
- Portal da Lingua Galega: <https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/dia-das-letras-galegas>
- Real Academia Galega: <https://academia.gal/letras-actual>. Contén una biografía de Ricardo Carvalho Calero.

FOTOGRAFÍA

Para a elaboración desta guía empregamos fotografías dos carteis realizados nas diferentes aulas do noso centro, coa colaboración de todo o alumnado e o profesorado, e fotografías atopadas na rede e etiquetadas para utilizar.

Ademais, utilizamos o retrato de Moncho Rama e outras fotografías pertencentes ao fondo fotográfico do Parlamento de Galicia. Contouse coa autorización para a súa utilización nesta guía.





“Cando se dispón dunha lingua propia, non se comprende o seu abandono polos que desexan manter a identidade do pobo que a fala.” Ricardo Carvalho Calero